



Recursos Educativos Abertos

Metodoloxías innovadoras desenvolvidas por profesorado galego

Catálogo cREAgal

Club de Ciencia

Maio 2026

- ❖ Ciencias da Natureza 5ºEP e 6ºEP
- ❖ Matemáticas 5ºEP e 6ºEP
- ❖ Bioloxía e Xeoloxía 1ºESO
- ❖ Matemáticas 1ºESO, 2ºESO e 3ºESO
- ❖ Física e Química 2ºESO
- ❖ Tecnoloxía e Dixitalización 1ºESO e 2ºESO
- ❖ Educación Dixital 3ºESO

Educación Primaria

5ºEP — Ciencias da Natureza



A natureza en xogo

Este é o REA (Recurso Educativo Aberto) número 1 -dun total de 6- elaborado no marco do proxecto cREAgal para a materia de Ciencias da Natureza de 5º de Educación Primaria.

A través desta situación de aprendizaxe, o alumnado colaborará coa biblioteca do centro para crear recursos lúdicos. Os contidos que se traballan están relacionados cos seres vivos: estrutura celular, funcións vitais, clasificación nos cinco reinos e biodiversidade. Paralelamente, o alumnado explora a tipoloxía e mecánicas dos xogos de mesa para deseñar as súas propias propostas. A competencia lingüística transversal trabállase a través da redacción de instrucións, tarxetas e materiais do xogo, así como na preparación de presentacións orais para explicar as dinámicas creadas ante outros compañeiros e compañeiras.

O reto consiste en deseñar, construír e presentar un xogo de mesa educativo sobre a temática dos seres vivos. Cada equipo debe crear un produto lúdico que inclúa: taboleiro, fichas, tarxetas con preguntas ou probas, e manual de uso. O xogo debe demostrar o coñecemento adquirido sobre os contidos traballados na situación de aprendizaxe.

<https://recursos.edu.xunta.gal/recurso/natureza-en-xogo>

REA: <https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1639064612>

5ºEP — Ciencias da Natureza



Aventura animal

Este é o REA (Recurso Educativo Aberto) número 2 -dun total de 6- elaborado no marco do proxecto cREAgal para a materia de Ciencias da Natureza de 5º de Educación Primaria.

Nesta situación de aprendizaxe, o alumnado explora a diversidade animal mediante a investigación e a experimentación. Os contidos están relacionados coas características e funcións vitais dos animais (alimentación, respiración, relación co medio) e coa conciencia ambiental, co fomento de actitudes de respecto e protección cara aos seres vivos e aos seus hábitats.

O reto consiste en deseñar e crear unha exposición interactiva sobre os animais, na que o alumnado mostre, a través de diferentes formatos e soportes (carteis, maquetas, elementos dixitais, xogos), información relevante sobre clasificación das especies, hábitats, adaptacións e estratexias de conservación.

<https://recursos.edu.xunta.gal/recurso/aventura-animais>

REA: <https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1639064613>

5ºEP — Ciencias da Natureza



Plantas ao rescate!

Este é o REA (Recurso Educativo Aberto) número 3 -dun total de 6- elaborado no marco do proxecto cREAgal para a materia de Ciencias da Natureza de 5º de Educación Primaria.

O alumnado iníciase no estudo das plantas como seres vivos fundamentais para o equilibrio ambiental, a partir dun contexto real: a creación dun horto escolar adaptado á contorna local. A situación de aprendizaxe propón un enfoque experimental e manipulativo: o alumnado investiga as funcións vitais das plantas (fotosíntese, respiración, relación) mediante experimentos sinxelos, aprende sobre o proceso de compostaxe e reciclaxe natural, e explora sistemas de rego eficiente para a conservación da auga.

Trabállase o método científico (hipóteses, experimentación, rexistro de datos) e o traballo en equipo para a construción e mantemento do espazo verde, fomentando hábitos de consumo responsable e respecto pola biodiversidade.

O reto principal consiste en construír e xestionar un horto escolar ecosostible, acompañado de retos secundarios como a creación dun composteiro e o deseño dun sistema de rego eficiente.

<https://recursos.edu.xunta.gal/recurso/plantas-ao-rescate>

REA: <https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1639064614>

5ºEP — Ciencias da Natureza



Exploramos os ecosistemas: misión natureza

Este é o REA (Recurso Educativo Aberto) número 4 -dun total de 6- elaborado no marco do proxecto cREAgal para a materia de Ciencias da Natureza de 5º de Educación Primaria.

A situación de aprendizaxe créase arredor dunha invitación para participar na Feira da Ciencia do centro educativo. O alumnado actuará como investigadores e investigadoras dos compoñentes fundamentais dos ecosistemas (factores bióticos e abióticos), a diversidade de formas de vida, as relacións tróficas e a importancia da biodiversidade para o equilibrio natural.

O reto consiste en deseñar, construír e presentar a maqueta dun ecosistema acompañada dunha infografía explicativa. Cada equipo deberá representar fielmente as características do ecosistema escollido (terrestre, acuático ou de transición), identificar os elementos que o compoñen e explicar as relacións que se establecen entre eles. Como peche do proxecto, os traballos expoñeranse na Feira da Ciencia do centro educativo.

<https://recursos.edu.xunta.gal/recurso/exploramos-os-ecosistemas-mision-natureza>

REA: <https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1639064615>

5ºEP — Ciencias da Natureza



Un planeta en apuros

Este é o REA (Recurso Educativo Aberto) número 5 -dun total de 6- elaborado no marco do proxecto cREAgal para a materia de Ciencias da Natureza de 5º de Educación Primaria.

A situación de aprendizaxe presenta a Flipi, un extraterrestre que solicita axuda ao alumnado para a procura de solucións aos problemas de degradación do seu planeta. Trátanse cuestións como as fontes de enerxía e os problemas ecosociais derivados do esgotamento dos combustibles fósiles. Este proxecto utiliza indagación guiada, experimentación, a introdución ao pensamento computacional mediante a programación dun robot explorador e a construción de xeradores de enerxía eléctrica.

O reto consiste en deseñar e construír a maqueta dun xerador de enerxía eléctrica que utilice fontes renovables, acompañado dun robot explorador programado para detectar recursos ambientais. Cada equipo deberá xustificar as decisións de deseño, explicar o funcionamento do prototipo e presentar a súa proposta nunha exposición pública ante a comunidade educativa nun congreso científico.

<https://recursos.edu.xunta.gal/recurso/un-planeta-en-apuros>

REA: <https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1639064616>

5ºEP — Ciencias da Natureza



Troula Park

Este é o REA (Recurso Educativo Aberto) número 6 -dun total de 6- elaborado no marco do proxecto cREAgal para a materia de Ciencias da Natureza de 5º de Educación Primaria.

O alumnado sitúase nun contexto motivador centrado nos parques de atraccións, tomando como fío condutor o personaxe de Uxía e a súa excursión de fin de curso. A situación de aprendizaxe parte dos coñecementos previos do alumnado para investigar, mediante experimentación guiada e o método científico, o funcionamento das máquinas simples e compostas presentes nas atraccións.

Intégranse contidos transversais sobre o uso seguro e responsable de Internet, a etiqueta dixital e o benestar tecnolóxico, así como unha aproximación ás profesións STEM desde unha perspectiva de xénero inclusiva.

O reto consiste en deseñar, construír e programar unha maqueta dun parque de atraccións por equipos. Cada grupo deberá crear unha atracción que integre máquinas simples ou compostas, xustificar o seu deseño desde un punto de vista técnico e científico e incorporar elementos de programación básica para simular o seu movemento ou funcionamento. Como peche do proxecto, realizarase unha exposición pública na que cada equipo presentará a súa creación ante a comunidade educativa.

<https://recursos.edu.xunta.gal/recurso/troula-park>

REA: <https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1639064617>

5ºEP — Matemáticas



¿Cuánto cuesta una casa?

Este é o REA (Recurso Educativo Aberto) número 1 -dun total de 8- elaborado no marco do proxecto cREAgal para a materia de Matemáticas de 5º de Educación Primaria.

O alumnado sitúase nun contexto realista de simulación inmobiliaria, onde debe manexar números de ata seis cifras para analizar prezos de vivendas e comparar valores de mercado. A situación de aprendizaxe desenvólvese mediante a observación de datos reais, para aprender a clasificar información numérica, comprender o valor posicional das cifras e aplicar operacións básicas (multiplicación e división) para calcular prezos por metro cadrado. Trabállanse tamén estratexias de redondeo, comparación de cantidades e interpretación de mapas, integrando o sentido numérico e alxébrico nunha proposta colaborativa.

O reto principal consiste en elaborar e presentar un "Mapa de prezos" inmobiliario dunha zona determinada. Cada equipo deberá investigar, organizar e representar graficamente datos sobre o custo da vivenda, aplicando os coñecementos adquiridos sobre números grandes, operacións aritméticas e interpretación de lendas cartográficas.

<https://recursos.edu.xunta.gal/recurso/cuanto-cuesta-una-casa>

REA: <https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1639064754>

5ºEP — Matemáticas



Enredando por el mercado

Este é o REA (Recurso Educativo Aberto) número 2 -dun total de 8- elaborado no marco do proxecto cREAgal para a materia de Matemáticas de 5º de Educación Primaria.

A situación de aprendizaxe contextualízase coa organización dunha festa e a compra no mercado. Propón actividades prácticas como repartir alimentos (rosquillas, empanadas), dividir espazos ou calcular porcións, permitindo comprender a relación entre numerador e denominador, identificar fraccións equivalentes e realizar cálculos básicos.

O reto consiste en elaborar unha invitación para unha festa, aplicando os coñecementos sobre fraccións para repartir o espazo do documento, calcular cantidades de ingredientes ou organizar a distribución de asistentes. O produto debe integrar representacións gráficas das fraccións, cálculos xustificados e un deseño creativo.

<https://recursos.edu.xunta.gal/recurso/enredando-por-el-mercado>

REA: <https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1639064755>

5ºEP — Matemáticas



La gran aventura decimal

Este é o REA (Recurso Educativo Aberto) número 3 -dun total de 8- elaborado no marco do proxecto cREAgal para a materia de Matemáticas de 5º de Educación Primaria.

A situación de aprendizaxe consiste na planificación dunha viaxe ou excursión. O alumnado traballará os números decimais e as súas operacións, o valor posicional das cifras decimais (décimas, centésimas, milésimas), a ordenación e comparación de cantidades, e a aplicación de sumas, restas, multiplicacións e divisións con decimais en contextos monetarios. Intégranse tamén habilidades de estimación, aproximación e resolución de problemas relacionados con gastos compartidos e cálculo de custos.

O reto consiste en deseñar e orzar unha proposta de viaxe ou excursión para o grupo-clase. Cada equipo deberá investigar destinos, calcular prezos de transporte, aloxamento e actividades, e presentar un orzamento detallado utilizando números decimais. O produto final incluírá unha memoria escrita, representacións gráficas dos custos e unha exposición oral na cal se xustificuen as decisións económicas tomadas.

<https://recursos.edu.xunta.gal/recurso/la-gran-aventura-decimal>

REA: <https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1639064756>

5ºEP — Matemáticas



Un viaje matemático por el reino animal

Este é o REA (Recurso Educativo Aberto) número 4 -dun total de 8- elaborado no marco do proxecto cREAgal para a materia de Matemáticas de 5º de Educación Primaria.

Esta situación de aprendizaxe toma como fio condutor a curiosidade do alumnado polo reino animal. As alumnas e os alumnos exploran as magnitudes fundamentais: lonxitude, masa, capacidade, superficie, tempo, ángulos e temperatura. Existen propostas de actividades de medición, estimación e conversión entre unidades do sistema métrico decimal, aplicadas á investigación de características de diferentes especies animais.

O reto final é a creación dun álbum común de cromos de animais, onde cada equipo elaborará fichas técnicas con datos medidos e calculados (peso, tamaño, capacidade, temperatura corporal etc.). O produto debe integrar información precisa, representacións gráficas das medidas e unha presentación creativa dos resultados.

<https://recursos.edu.xunta.gal/recurso/un-viaje-matematico-por-el-reino-anim>

REA: <https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1639064757>

5ºEP — Matemáticas



A la caza de figuras geométricas

Este é o REA (Recurso Educativo Aberto) número 5 -dun total de 8- elaborado no marco do proxecto cREAgal para a materia de Matemáticas de 5º de Educación Primaria.

Nesta situación de aprendizaxe, o alumnado convértese en "cazador de figuras" da súa contorna, identificando e clasificando figuras planas e corpos xeométricos. Recóllense actividades de observación, rexistro e análise das propiedades de elementos xeométricos (lados, vértices, caras, arestas), así como a súa representación gráfica. Trabállanse conceptos de xeometría descritiva, simetría, clasificación de polígonos e poliedros, e a relación entre formas xeométricas e obxectos reais.

O reto consiste en elaborar e presentar un "Catálogo de figuras xeométricas" recollidas na contorna próxima. Cada equipo deberá documentar as figuras atopadas mediante fotografías, debuxos ou descricións, clasificándoas segundo as súas propiedades e explicando a súa presenza na zona.

<https://recursos.edu.xunta.gal/recurso/la-caza-de-figuras-geometricas>

REA: <https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1639064758>

5ºEP — Matemáticas



A vista de pájaro

Este é o REA (Recurso Educativo Aberto) número 6 -dun total de 8- elaborado no marco do proxecto cREAgal para a materia de Matemáticas de 5º de Educación Primaria.

Nesta situación de aprendizaxe, o alumnado analiza a súa contorna urbana desde unha perspectiva xeométrica, distinguindo entre perímetro (contorno) e área (superficie) de figuras planas. Proponse a observación de elementos urbanos, a medición de espazos e a aplicación de fórmulas para calcular áreas de triángulos, cadrados, rectángulos e composicións máis complexas. Trabállanse estratexias de descomposición de figuras, estimación de superficies e resolución de problemas reais de planificación e deseño.

O reto consiste en deseñar e crear un "Mural da cidade xeométrica", onde cada equipo representará figuras planas inspiradas en elementos urbanos, calculando o seu perímetro e área. O produto final debe ser visualmente atractivo, matematicamente preciso e acompañado dunha explicación dos cálculos realizados.

<https://recursos.edu.xunta.gal/recurso/vista-de-pajaro>

REA: <https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1639064759>

5ºEP — Matemáticas

**Tengo una idea...**

Este é o REA (Recurso Educativo Aberto) número 7 -dun total de 8- elaborado no marco do proxecto cREAgal para a materia de Matemáticas de 5º de Educación Primaria.

A situación de aprendizaxe artículase sobre o deseño de propostas de mellora da contorna escolar. Partindo da análise dos espazos do centro educativo, o alumnado traballa o sistema de coordenadas cartesianas, a representación espacial e o uso da escala para elaborar planos e maquetas. Tráballase a localización de puntos no plano, as transformacións xeométricas, a visualización 2D e 3D.

O reto consiste na presentación dunha proposta de mellora dun espazo do centro educativo, mediante a elaboración dun plano a escala e/ou unha maqueta sinxela. Cada equipo deberá xustificar a súa idea utilizando vocabulario xeométrico axeitado, representar graficamente a proposta e comunicar o proceso seguido.

<https://recursos.edu.xunta.gal/recurso/tengo-una-idea>

REA: <https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1639064760>

5ºEP — Matemáticas

**Al mal tiempo...buenos datos**

Este é o REA (Recurso Educativo Aberto) número 8 -dun total de 8- elaborado no marco do proxecto cREAgal para a materia de Matemáticas de 5º de Educación Primaria.

Tomando como referencia os datos meteorolóxicos da web de MeteoGalicia, o alumnado iníciase nos conceptos básicos de estatística e probabilidade: recollida de datos, organización en táboas, representación gráfica (barras, liñas, pictogramas) e interpretación de resultados. A situación de aprendizaxe propón a observación sistemática de variables como a temperatura, permitindo practicar o cálculo de medias, a identificación de tendencias e a formulación de conclusións a partir de información real.

O reto final é a elaboración, en equipo, dun estudo estatístico sobre datos de temperatura dunha localidade de Galicia. Cada grupo deberá recoller datos durante un período determinado, organizalos, representalos graficamente e presentar as conclusións ao resto da clase. O produto incluírá táboas de datos, gráficas interpretadas e unha exposición oral na cal se xustifiquen as observacións realizadas, demostrando competencia no manexo de información estatística e na comunicación de resultados.

<https://recursos.edu.xunta.gal/recurso/al-mal-tiempobuenos-datos>

REA: <https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1639064761>

6ºEP — Ciencias da Natureza



Non lle temas aos monstros, cREAs!

Este é o REA (Recurso Educativo Aberto) número 1 -dun total de 4- elaborado no proxecto cREAgal para a materia de Ciencias da Natureza de 6º de Educación Primaria.

A situación de aprendizaxe engloba a temática de Frankenstein (Frankie), o monstro da novela de Mary Shelley, na que o alumnado debe adquirir conceptos, destrezas e actitudes relacionadas cos seres vivos, a materia, as forzas e as formas de enerxía, así como o funcionamento do corpo humano (función de relación e os órganos implicados, así como os diferentes niveis de organización celular).

O reto desta situación de aprendizaxe será que o alumnado cree unha criatura imaxinaria capaz de levar a cabo a función de relación. Para iso, dividirase o reto en pequenas partes, ou desafíos, que xuntas darán lugar a particular criatura.

<https://recursos.edu.xunta.gal/recurso/non-lle-temas-aos-monstros-creaos>

REA: <https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1639064633>

6ºEP — Ciencias da Natureza



As aparencias enganan

Este é o REA (Recurso Educativo Aberto) número 2 -dun total de 4- elaborado no proxecto cREAgal para a materia de Ciencias da Natureza de 6º de Educación Primaria.

A situación de aprendizaxe permitirá ao alumnado explorar as características e as propiedades dos alimentos e os seus nutrientes para despois aplicalo á práctica a través da análise das merendas que toma o alumnado no recreo, para valorar se forman parte dunha dieta equilibrada o polo contrario son malos para a súa saúde. Permite aplicar os coñecementos previamente traballados sobre os diferentes aparatos do corpo humano que traballan na función de nutrición.

O reto consistirá na análise das merendas que se consumen no centro e, por equipos, crear un produto divulgativo (cartel, podcast, vídeo curto, tríptico...) onde presentará a información sobre todo os aspectos positivos e negativos das mesmas, así como alternativas saudables con rigor científico.

<https://recursos.edu.xunta.gal/recurso/aparencias-enganan>

REA: <https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1639064632>

6ºEP — Ciencias da Natureza



Que non che contem contos!

Este é o REA (Recurso Educativo Aberto) número 3 -dun total de 4- elaborado no proxecto cREAgal para a materia de Ciencias da Natureza de 6º de Educación Primaria.

Esta SA ten como finalidade traballar a función de reprodución. Partirá da imaxe que temos dos demais e da nosa propia para logo desmontar mitos sobre a educación sexual e estudar a anatomía e a fisioloxía dos aparellos implicados; finalmente rematará con indicacións e consellos para coidar a saúde sexual.

O reto será crear un libro enrolable no que apareza toda a información real sobre a reprodución humana, dende os aparellos feminino e masculino ata o ciclo menstrual, fecundación, embarazo e parto. Deste xeito, o alumnado abordará contidos relacionados co corpo humano (función de reprodución: aparellos reprodutores feminino e masculino, menstruación e ciclo menstrual, fecundación, embarazo e parto, cambios físicos, emocionais e sociais así como os seus coidados e enfermidades relacionadas).

<https://recursos.edu.xunta.gal/recurso/que-non-che-contem-contos>

REA: <https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1639064631>

6ºEP — Ciencias da Natureza



Entramos en materia

Este é o REA (Recurso Educativo Aberto) número 4 -dun total de 4- elaborado no proxecto cREAgal para a materia de Ciencias da Natureza de 6º de Educación Primaria.

A situación de aprendizaxe baséase no conto do ovo Humpty Dumpty e a plicación do método científico para realizar un experimento. O alumnado utilizará coñecementos previamente traballados sobre as propiedades e características da materia e enerxía, entre os que se atopan a densidade, a flotabilidade, os cambios de estado e as fontes de enerxía, entre outros.

O reto será a creación dun prototipo capaz de evitar que un ovo escache ao caer en condicións axeitadas dun estudo científico.

<https://recursos.edu.xunta.gal/recurso/entramos-en-materia>

REA: <https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1639064630>

6ºEP — Matemáticas



Potenciando las diversiones

Este é o REA (Recurso Educativo Aberto) número 2 -dun total de 9- elaborado no proxecto cREAgal para a área de Matemáticas de 6º de Educación Primaria.

A situación de aprendizaxe ten como obxectivo principal que o alumnado coñeza e aplique as potencias e as raíces cadradas. No seu desenvolvemento, aprenderán a calcular o cadrado e o cubo dun número, así como as potencias de base 10, nun contexto amigable: unha saída escolar.

Como reto propónse a organización, mediante traballo colaborativo, dunha acampada que incluírá desde o repartimento das tendas e do espazo onde distribuílas, ata o menú semanal de comidas, pasando pola organización de diferentes actividades concretas. No proceso, o alumnado aplicará os coñecementos matemáticos adquiridos.

<https://recursos.edu.xunta.gal/recurso/potenciando-las-diversiones>

REA: <https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1639064771>

6ºEP — Matemáticas



Minichefs

Este é o REA (Recurso Educativo Aberto) número 3 -dun total de 9- elaborado no proxecto cREAgal para a área de Matemáticas de 6º de Educación Primaria.

A situación de aprendizaxe ten como obxectivo principal que o alumnado coñeza, traballe e extrapole á súa vida cotiá os números decimais, así como as fraccións e porcentaxes, asociándoos en todo momento coa vida diaria. O fío condutor do recurso é a cociña, e todo o proceso para a preparación dun bo prato: desde a compra, co seu orzamento, ata a creación de receitas.

Como reto propónse a elaboración en equipo dun receptorio, que recollerá os ingredientes e cantidades, tempos de elaboración, dificultades, variacións e orzamentos. Isto facilitará a adquisición dos coñecementos matemáticos precisos de forma manipulativa e vivencial.

<https://recursos.edu.xunta.gal/recurso/minichefs>

REA: <https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1639064772>

6ºEP — Matemáticas



Viaje de fin de curso

Este é o REA (Recurso Educativo Aberto) número 4 -dun total de 9- elaborado no proxecto cREAgal para a área de Matemáticas de 6º de Educación Primaria.

A situación de aprendizaxe desenvolvida neste recurso ten como eixe principal a planificación da viaxe de fin de curso do alumnado. No proceso, o alumnado conectará cos números enteiros positivos e negativos, a identificación, comparación e as operacións de suma, resta, multiplicación e división, así como a súa aplicación na vida diaria.

O reto que deberá abordar o alumnado é organizar a saída de fin de curso, para a cal deberán escoller destino, aloxamento, transporte ou actividades a realizar, e analizar o orzamento necesario. Isto facilitará a adquisición dos coñecementos matemáticos precisos de forma vivencial e contextualizada.

<https://recursos.edu.xunta.gal/recurso/viaje-de-fin-de-curso>

REA: <https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1639064773>

6ºEP — Matemáticas



Nuestra fiesta de primavera

Este é o REA (Recurso Educativo Aberto) número 5 -dun total de 9- elaborado no proxecto cREAgal para a área de Matemáticas de 6º de Educación Primaria.

A situación de aprendizaxe desenvolvida neste REA ten como fío condutor actividades vinculadas a unha festa primaveral, que permitirán traballar as fraccións promovendo a cultura paisaxística próxima.

Proponse como reto a creación dun mantel co deseño dun xardín, inspirado no Festival Internacional de Xardíns de Allariz, que facilitará a adquisición dos coñecementos matemáticos relacionados coas fraccións nun contexto creativo.

<https://recursos.edu.xunta.gal/recurso/nuestra-fiesta-de-primavera>

REA: <https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1639064774>

6ºEP — Matemáticas



Diseña tu moda

Este é o REA (Recurso Educativo Aberto) número 6 -dun total de 9- elaborado no proxecto cREAgal para a área de Matemáticas de 6º de Educación Primaria.

A situación de aprendizaxe ten como eixe principal o Entroido e as prendas que se usan nesta festa. A través dela, trabállanse os conceptos de proporcionalidade numérica, porcentaxes e escalas, co estudo de patróns de distintas prendas, e das actividades propias dunha xastrería.

O reto proposto ao alumnado consiste en deseñar o seu propio disface, o que facilitará a adquisición dos coñecementos matemáticos precisos nun contexto creativo.

<https://recursos.edu.xunta.gal/recurso/disena-tu-moda>

REA: <https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1639064775>

6ºEP — Matemáticas



Ruta matemática por Galicia

Este é o REA (Recurso Educativo Aberto) número 7 -dun total de 9- elaborado no proxecto cREAgal para a área de Matemáticas de 6º de Educación Primaria.

A situación de aprendizaxe desenvolvida ten como obxectivo a aprendizaxe de distintas magnitudes -lonxitude, capacidade, masa, superficie, tempo, ángulos e volume- e as súas unidades, nun contexto real: a organización dunha viaxe dentro da realidade máis próxima ao alumnado.

No reto proposto, o alumnado deseñará un roteiro por unha provincia Galega. No proceso, coñecerán novos lugares e buscarán neles as matemáticas que se esconden detrás da súa beleza ou relevancia.

<https://recursos.edu.xunta.gal/recurso/ruta-matematica-por-galicia>

REA: <https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1639064776>

6ºEP — Matemáticas



Arte-Metría

Este é o REA (Recurso Educativo Aberto) número 8 -dun total de 9- elaborado no proxecto cREAgal para a área de Matemáticas de 6º de Educación Primaria.

A situación de aprendizaxe desenvolve os contidos do currículo relacionados co sentido espacial a través da arte, estudando as figuras planas e as súas propiedades, utilizando, principalmente, os cadros de Kandinsky. Ademais, inclúense as obras doutros autores e autoras, para ampliar o estudo do plano ao espazo.

No reto proposto, o alumnado deseñará en equipo unha composición que integre estes coñecementos. Finalmente, elaborarán un portalápices cuxas caras inclúan a obra creada.

<https://recursos.edu.xunta.gal/recurso/arte-metria>

REA: <https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1639064778>

6ºEP — Matemáticas



Compras con estrategia

Este é o REA (Recurso Educativo Aberto) número 9 -dun total de 9- elaborado no proxecto cREAgal para a área de Matemáticas de 6º de Educación Primaria.

Ao longo da situación de aprendizaxe, o alumnado coñecerá como analizar os gastos familiares a través dunha sondaxe. No proceso, traballará con datos dos fogares galegos e nacionais obtidos do IGE e do INE, e aprenderá a facer simulacións con experimentos.

O reto proposto consiste na elaboración dun informe estatístico a partir de datos recollidos nunha sondaxe, que facilitará a reflexión e a realización de propostas para optimizar os gastos.

<https://recursos.edu.xunta.gal/recurso/compras-con-estrategia>

REA: <https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1639064777>

ESO

1ºESO — Bioloxía e Xeoloxía



Naveguemos e voemos!

Este é o REA (Recurso Educativo Aberto) número 1 -dun total de 6- elaborado no marco do proxecto cREAgal para a materia de Bioloxía e Xeoloxía de 1º de Educación Secundaria Obrigatoria.

A situación de aprendizaxe desenvolvida ten como fío condutor o coñecemento da atmosfera, da hidrosfera e da problemática ambiental asociada a estes dous sistemas, cun enfoque competencial orientado á investigación, á análise e á aplicación práctica dos saberes da materia.

No reto proposto, o alumnado identificará as causas e os efectos da crise ambiental e como debemos loitar contra o cambio climático. Os produtos elaborados- póster, infografía ou tríptico visual- poderán empregarse como parte dunha campaña de divulgación e concienciación destinada á comunidade educativa ou á localidade propia do alumnado.

<https://recursos.edu.xunta.gal/recurso/naveguemos-e-voemos>

REA: <https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1639064605>

1ºESO — Bioloxía e Xeoloxía



Esas pedras preciosas

Este é o REA (Recurso Educativo Aberto) número 2 -dun total de 6- elaborado no marco do proxecto cREAgal para a materia de Bioloxía e Xeoloxía de 1º de Educación Secundaria Obrigatoria.

A situación de aprendizaxe pretende iniciar ao alumnado no coñecemento da xeosfera, a tectónica de placas, os minerais, as rochas e a explotación destes recursos. Ao longo do proceso comprenderán a estrutura e dinámica terrestres e o proceso de formación das rochas; identificarán minerais e rochas e comprenderán a importancia de promover unha explotación de recursos sostible.

No reto proposto, o alumnado deseñará un xeoparque local -representado nun plano ou mapa da súa vila, cidade ou comarca- no que se identificarán e localizarán con precisión diferentes puntos de interese xeolóxico, elaborando así un produto final contextualizado.

<https://recursos.edu.xunta.gal/recurso/esas-pedras-preciosas>

REA: <https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1639064604>

1ºESO — Bioloxía e Xeoloxía



Un fogar para todos

Este é o REA (Recurso Educativo Aberto) número 3 -dun total de 6- elaborado no marco do proxecto cREAgal para a materia de Bioloxía e Xeoloxía de 1º de Educación Secundaria Obrigatoria.

A situación de aprendizaxe céntrase no coñecemento da biodiversidade no planeta Terra, cun enfoque competencial orientado á investigación, á análise e á aplicación práctica dos saberes da materia.

No reto proposto, o alumnado terá que crear un calendario da Biodiversidade, centrado nunha zona natural de interese próxima, que podería empregarse como parte dunha campaña de divulgación destinada á comunidade educativa ou á localidade propia do alumnado.

<https://recursos.edu.xunta.gal/recurso/un-fogar-para-todos>

REA: <https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1639064603>

1ºESO — Bioloxía e Xeoloxía



De microbios a plantas: misión científica

Este é o REA (Recurso Educativo Aberto) número 4 -dun total de 6- elaborado no marco do proxecto cREAgal para a materia de Bioloxía e Xeoloxía de 1º de Educación Secundaria Obrigatoria.

A situación de aprendizaxe desenvolvida pretende fomentar no alumnado o desenvolvemento de competencias científicas e intelectuais a través dunha aprendizaxe activa e colaborativa. Mediante a indagación sobre os reinos Monera, Protoctista, Fungos e Plantas, o alumnado identificará características, establecerá relacións, clasificará organismos, describirá procesos e buscará información de xeito autónomo.

No reto proposto, o alumnado empregará a plataforma Natusfera para estudar bacterias, protoctistas, fungos e plantas a través dunha aproximación práctica. Así, participarán activamente no proceso científico, contribuíndo a proxectos reais e adquirindo habilidades propias da investigación cidadá.

<https://recursos.edu.xunta.gal/recurso/de-microbios-plantas-mision-cientifica>

REA: <https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1639064602>

1ºESO — Bioloxía e Xeoloxía



Animais e diversos

Este é o REA (Recurso Educativo Aberto) número 5 -dun total de 6- elaborado no marco do proxecto cREAgal para a materia de Bioloxía e Xeoloxía de 1º de Educación Secundaria Obrigatoria.

A situación de aprendizaxe desenvolvida ten como fío condutor un percorrido polo Reino Animal, facilitando que o alumnado adquira coñecementos relacionados co nicho ecolóxico que ocupan os diversos grupos animais vertebrados e invertebrados, fomentando o desenvolvemento de competencias científicas e intelectuais a través dunha aprendizaxe activa e colaborativa.

No reto proposto, o alumnado elaborará un produto final (“A granxa virtual”) no que visualizárase a biodiversidade dos organismos do Reino Animal.

<https://recursos.edu.xunta.gal/recurso/animais-e-diversos>

REA: <https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1639064601>

1ºESO — Bioloxía e Xeoloxía



Sistemas de vida

Este é o REA (Recurso Educativo Aberto) número 6 -dun total de 6- elaborado no marco do proxecto cREAgal para a materia de Bioloxía e Xeoloxía de 1º de Educación Secundaria Obrigatoria.

A situación de aprendizaxe desenvolvida ten como fío condutor un percorrido a través de todos os compoñentes e relacións dos ecosistemas. Durante o proceso, o alumnado irá incorporando datos relacionados co estado actual de desequilibrio do medio natural e os seus recursos.

O reto proposto consiste na elaboración dun produto final (“Eco-congreso”) no que se visualizará a necesidade de adquirir compromisos medioambientais e hábitos saudables no camiño do desenvolvemento sostible.

<https://recursos.edu.xunta.gal/recurso/sistemas-de-vida>

REA: <https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1639064600>

1ºESO — Matemáticas

**Fisgando en N**

Este é o REA (Recurso Educativo Aberto) número 1 -dun total de 7- elaborado no proxecto cREAgal para a materia de Matemáticas de 1º de Educación Secundaria Obrigatoria.

A situación de aprendizaxe desenvolvida ten como obxectivo principal que o alumnado integre nos seus coñecementos os contidos relacionados cos sentidos numérico e socioafectivo do currículo mediante a posta en valor do patrimonio costeiro galego. Tamén busca incorporar estratexias de resolución de problemas e de traballo en equipo, a través de situacións reais motivadoras que requiran distintos niveis de dificultade.

O reto proposto consiste na resolución de problemas xeolocalizados en diferentes puntos do litoral galego mediante cálculos baseados en operacións básicas, divisibilidade, mcd e mcm.

<https://recursos.edu.xunta.gal/recurso/fisgando-en-n-0>

REA: <https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1639064424>

1ºESO — Matemáticas

**Rutas a lo desconocido**

